

Día europeo da parada cardíaca

O día 16 de outubro é o Día Europeo da Parada Cardíaca e utilízase para concienciar sobre a importancia de que todo o mundo saiba aportar SVB (Soporte Vital Básico) en caso de parada cardíaca (tamén chamada parada cardiorespiratoria).

En Galicia vense traballando para que o alumnado dispoña dun adestramento mínimo nas manobras de reanimación e no uso dos DESA (desfibriladores externos semiautomáticos) que cada día son máis comúns e ubicuos. Para iso, desde o curso 2016-2017 vense desenvolvendo, en colaboración con SERGAS (Fund. 061) o programa “RCP na aula”. Este programa supón o adestramento por parte do 061 de docentes dos centros educativos que logo forman ao seu alumnado no marco do currículo ordinario (no seu centro, durante as clases de Ed. Física, recreos, etc). Para isto os CFR contan con material específico (manequíns de práctica e simuladores DESA) e tamén con material cedido por 061 (Pendente pedir datos a Formación do Profesorado e a 061 do número de docentes alumando formado a efectos de comunicación).

Con motivo de afondar na concienciación sobre a importancia da RCP o día 15 de outubro, venres (dado que o sábado é bastante complexo facer actividades con centros), a Fundación Hipocrática galega e o Colexio Oficial de Médicos da Coruña propuxeron a esta consellería a realización dun adestramento masivo sobre RCP en Ferrol.

O adestramento masivo (mass-training) está sendo coordinado polo CFR de Ferrol e por esta SXT. Conta coa participación do Concello de Ferrol, a CCEU (CFR, SXT e centros educativos) o Colexio Oficial de Médicos e a Fundación Hipocrática, e a colaboración de SERGAS-061. Todos os CFRs cederon o seu material de prácticas así como o material en depósito de 061.

O adestramento terá lugar na praza de Armas de Ferrol (ubicación alternativa no caso de choiva FIMO).

Hora de inicio 12:30

Hora estimada de fin: 14:00h

50 postos de adestramento con manequín, simulador DESA e adestrador (persoal do 061, docentes certificados, persoal de protección civil, outros sanitarios en activo...). Por cada posto 4 alumnos/as. Uso de máscara, espazo ao aire libre, e moita distancia entre grupos. Kit de desinfección en cada posto de adestramento.

De 12:30 a 13:00h primeira quenda de alumnado: 200

De 13:00 a 13:30h segunda quenda de alumnado:
160

O alumnado corresponde a 6º de Primaria e ESO do concello.

As familias están convidadas a achegarse e participar nos postos que queden libres na segunda quenda ou ao remate desta.

Os participantes portarán camiseta distintiva do evento para darlle visibilidade e maior vistosidade.

O Concello de Ferrol pon un pequeno hospital de campaña que monta nunha esquina da praza e a megafonía. O alumnado do IES Santurnino Montojo que cursa realización de vídeo cubrirá o evento.

